



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CARIÑO
(A CORUÑA) CELEBRADO O DÍA 8 DE SETEMBRO DE 2025.**

ASISTENTES

ALCALDESA

Ana M^a López Fernández

**CONCELLEIROS/AS
GRUPO PP**

Alberto Balado Ramonde
Laura García Ruíz

GRUPO PSG-PSOE

M^a José Fraguela López
Carlos Fraguela Pernas

GRUPO BNG:

Carlos Castro Durán

AUSENTES:

Miguel A. Pérez Fraguela
Miriam Rodríguez Fernández
Nuria Oliveira Álvarez
Pablo Fraguela Casás
Jonathan I. Miranda Lucas

SECRETARIA ACCTAL

M^a Dolores Crego López

INTERVENTORA :

Ausente

Na Casa do Concello, ás doce horas do oito de setembro de 2025, reúnen os/as Sres/as Concelleiros/as á marxe reseñados/as, baixo a presidencia da Alcaldesa, Ana M^a López Fernández. Asiste a Secretaria Acctal. da Corporación, M^a Dolores Crego López. O obxecto da reunión é realizar sesión extraordinaria. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben



ORDE DO DIA:

1.- COÑECEMENTO DA TOMA DE POSESIÓN DE COMO CONCELLEIRA CARLOS PERNAS FRAGUELA DO GRUPO SOCIALISTA (2023/X999/000032)

2.- SEGUNDO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO POS + ADICIONAL 2/2025, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

1.- COÑECEMENTO DA TOMA DE POSESIÓN DE CARLOS PERNAS FRAGUELA COMO CONCELLEIRO DO GRUPO SOCIALISTA (2023/X999/000032)

O Concello, por acordo do Pleno celebrado en sesión ordinaria de data 31/07/2025, toma coñecemento da renuncia voluntaria José Miguel Alonso Pumar do posto de concelleiro do PsdeGA.

O Concello solicitou á Xunta Electoral Xeral que lle foran enviadas as credenciais do seguinte na lista das eleccións municipais celebradas en data 28/05/2023.

Recibida a credencial do seguinte concelleiro (Carlos Pernas Fraguela) pola Xunta Electoral Central.

Acreditada pola Secretaría xeral que, de conformidade co disposto no artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o interesado da cumprimento, antes da súa toma de posesión, ao rexistro de intereses sobre causas de posible incompatibilidade e actividades, así como o rexistro de intereses de bens patrimoniais

O Pleno corporativo, por unanimidade dos membros presentes,

ACORDA:

PRIMEIRO: Tomar coñecemento da toma de posesión de CARLOS PERNAS FRAGUELA do cargo de concelleiro do Partido Socialista, en substitución de José Miguel Alonso Pumar.

A continuación, en cumprimento do procedemento legalmente establecido, o novo concelleiro promete o seu cargo.

A Alcaldesa dalle a benvida á nova Corporación.



2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO POS + ADICIONAL 2/2025, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Visto o ditame da Comisión Informativa de Comisión Informativa de Turismo, Medio Ambiente, Festexos, Medio Rural, Seguridade Cidadá e Urbanismo-Obras de 28 de agosto deste ano.

A Sra. Alcaldesa explica as obras para as que se solicita subvención.

O concelleiro D. Carlos Durán di que como xa manifestou na comisión informativa, van votar a favor, pois coinciden con reivindicacións do seu grupo, tanto o alumeado do campo de fútbol como a mellora do parque infantil.

A concelleira M^a José Fragueta, do PsdeG, di que o seu grupo vai votar a favor e pregunta por qué o proxecto que se lles enviou está asinado polo redactor o 2 de setembro, despois da comisión informativa, ao que lle resposta a Secretaria, que foi porque tiña a sinatura dixital de abril caducada e non se podía subir á plataforma da Deputación, polo que tivo que asinar de novo o proxecto.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación o ditame, e o Pleno por unanimidade ACORDA:

1.- “Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 2/2025**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2025:

Investimentos financeiramente sostibles novos NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025	Financiamento dos investimentos			
	Deputación	Concello		Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible <small>(só cando sexa deducible nos</small>	

			abastecem. auga potable)		
REFORMA ILUMINACION CAMPO DE FUTBOL CARIÑO	111.699,94 €				114.699,94 €
RENOVACION E MELLORA DO PARQUE INFANTIL DO COBERTIZO DO PASEO MARITIMO DE CARIÑO	37.999,99 €				37.999,99 €
TOTAL	149.699,93 €				149.699,93 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2025 2ª FASE	Concello				
	Deputación	Concello	IVE soportado deducible	Total concello	Orzamento Total
Gastos correntes do 2025 distintos dos solicitados no Plan Base (Só cando proceda)	0				0
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 non solicitados na 1ª fase do POS+Adicional 2/2025	0	0	0	0	0
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025	149.699,93 €	0	0	0	149.399,93 €
TOTAL	149.699,93 €	0	0	0	149.399,93 €



- 2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.
- 3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2025, se a houbera.
- 4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.
- 5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.
- 6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa levanta a sesión sendo as 12 horas e dez minutos, do que eu como Secretaria Acctal. Dou fe

A Alcaldesa
Asdo:- Ana M^a Fernández López

A Secretaria Acctal.
Asdo.- M^a Dolores Crego López

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE